

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

7044 *Real decreto 618/2020, do 30 de xuño, polo que se establecen melloras nas condicións de traballo no sector pesqueiro.*

Hai poucos sectores produtivos tan internacionais como a pesca marítima. Os buques pesqueiros son centros de traballo móbiles que operan en augas internacionais ou en augas sometidas á xurisdición de diferentes Estados, réxense pola lei do país cuxa bandeira enarboran e contan en moitas ocasións con mariñeiros de diferentes nacionalidades.

Este carácter internacional inherente á pesca marítima ten como consecuencia que as normas internacionais cobren neste sector unha transcendencia especial. En efecto, a protección dos dereitos dos mariñeiros non pode lograrse unicamente a través de normas nacionais, pois isto daría lugar a ordenamentos xurídicos moi dispares, con diferentes niveis de protección, que distorcería a competencia entre Estados. En efecto, unha regulación meramente nacional empuxaría os Estados a regular á baixa as condicións de traballo, co fin de favorecer a competitividade da súa frota pesqueira.

Esta circunstancia estivo sempre presente na actividade normativa das organizacións internacionais. Isto explica que a Organización Internacional do Traballo aprobase ao longo da súa historia catro convenios dirixidos exclusivamente aos traballadores do sector pesqueiro: o Convenio número 112, sobre a idade mínima dos mariñeiros; o Convenio número 113, sobre o exame médico dos mariñeiros; o Convenio número 114, sobre o contrato de enrolamento dos mariñeiros, e o Convenio número 126, sobre o aloxamento da tripulación (mariñeiros). Os tres primeiros foron aprobados en 1959 e o cuarto en 1966.

En 2002, a OIT puxo en marcha un debate a escala mundial sobre a conveniencia de actualizar as normas internacionais para o sector da pesca, co fin de garantir aos mariñeiros unha protección adecuada a nivel mundial. Ese debate deu lugar á adopción do Convenio número 188, sobre o traballo na pesca de 2007.

O Convenio sobre o traballo na pesca, 2007, entrou en vigor o 16 novembro de 2017, doce meses despois da data do rexistro da súa ratificación por dez Estados, oito dos cales tiñan que ser Estados ribeiregos.

Nese grupo había varios Estados membros da Unión Europea, para os que actualmente o Convenio está xa en vigor. Trátase de Estonia, Francia e Lituania.

Así mesmo, foi ratificado por Noruega, do Espazo Económico Europeo. O resto dos dez asinantes iniciais foron países ribeiregos como Arxentina, Bosnia e Hercegovina, Angola, Marrocos, Sudáfrica e Congo. Con posterioridade á entrada en vigor, o Convenio número 188 da OIT, sobre traballo na pesca, foi ratificado por Namibia, Senegal, Reino Unido, Tailandia, Portugal, Polonia, Países Baixos e Dinamarca, para os cales entrará en vigor aos doce meses da súa respectiva ratificación. A maior parte deles son países de tradición pesqueira, a cuxos caladoiros acode a frota pesqueira española.

No caso dos países da Unión Europea, as organizacións representativas dos empresarios e dos traballadores do sector pesqueiro europeo alcanzaron o 21 de maio de 2012 un acordo para incorporar boa parte do contido do Convenio 188 ao acervo comunitario, coa vontade de dar un primeiro paso cara a unha codificación do acervo social da Unión no sector pesqueiro e contribuír á creación de condicións de competencia equitativas para o dito sector na Unión.

De conformidade co previsto no número 2 do artigo 155 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, os interlocutores sociais europeos solicitaron ao Consello que adoptase unha decisión para a aplicación dese acordo. Isto deu lugar á Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, pola que se aplica o Acordo relativo á aplicación do

Convenio sobre o traballo na pesca de 2007 da Organización Internacional do Traballo, subscrito o 21 de maio de 2012 entre a Confederación Xeral de Cooperativas Agrarias da Unión Europea (Coxeca), a Federación Europea de Traballadores do Transporte (ETF) e a Asociación das Organizacións Nacionais de Empresas Pesqueiras da Unión Europea (Europêche).

O presente real decreto incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2017/159 citada, salvo no que se refire á obriga de formalizar por escrito o contrato de traballo dos mariñeiros, que require a modificación do artigo 8.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro. Con isto tamén se axusta a nosa normativa á parte material do Convenio 188 da Organización Internacional do Traballo, excluída a parte relativa ao control dos buques pesqueiros.

Coa aprobación deste real decreto o noso país eleva o nivel de protección dos mariñeiros que traballan nos buques pesqueiros españois, adoptando os estándares laborais máis elevados existentes actualmente para os traballadores da nosa frota. En efecto, a norma mellora as condicións de vida e de traballo dos traballadores a bordo de buques pesqueiros no que respecta aos requisitos mínimos do traballo a bordo, ás garantías asociadas á contratación dun mariñeiro, ás condicións mínimas do aloxamento e a alimentación, á protección da seguridade e a saúde no traballo e á atención médica, e atinxe por igual tanto os traballadores, mariñeiros neste caso, como os empresarios, identificados neste contexto como armadores.

Esta mellora das condicións de traballo dos mariñeiros lévase a cabo de forma harmonizada co resto dos Estados membros da Unión Europea, creando unhas condicións equitativas de competencia con outros países da UE. Con isto refórzase, ao mesmo tempo, o mercado interior e a dimensión social da Unión Europea. De igual maneira, transmítese un claro sinal a países non comunitarios titulares de grandes frotas pesqueiras, no sentido de que a competitividade das frotas pesqueiras non pode facerse depender dunha adecuada protección dos traballadores do sector, que debe quedar garantida sempre e en todo caso.

Finalmente, coa adopción desta norma equipárase a situación dos mariñeiros coa doutras profesións do sector marítimo, como as da mariña mercante, que xa dispoñen dunha normativa similar.

O real decreto dítase en desenvolvemento do artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o cal habilita a adopción de normas regulamentarias en materia de seguridade e saúde no traballo para concretar os aspectos máis técnicos das medidas preventivas, e fixa as disposicións mínimas que deben adoptarse para a adecuada protección dos traballadores, neste caso, no traballo na pesca.

Este real decreto vai, non obstante, máis alá de promover a seguridade e a saúde dos traballadores, e contén outras medidas relativas ás condicións de traballo na actividade do sector pesqueiro, como certos aspectos do contrato de traballo, o traballo nocturno dos menores e a repatriación dos mariñeiros, facendo uso da potestade prevista na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

Por último, no que se refire a determinadas condicións de servizo e do aloxamento a bordo dos buques pesqueiros, o real decreto tamén fai uso da habilitación para ditar normas regulamentarias prevista na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, así como nas habilitacións recollidas na Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima.

Este real decreto abarca materias de diferentes ámbitos competenciais. No relativo ás condicións construtivas dos buques, reguladas nos artigos 6 e 7, así como nos anexos I e II, o real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, relativo ás competencias exclusivas do Estado sobre mariña mercante. A disposición derradeira terceira, que ten carácter de norma básica de ordenación do sector pesqueiro, dítase en virtude do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución; as restantes disposicións do real decreto

teñen como título competencial prevalente o artigo 149.1.7.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

O real decreto contén oito artigos, estruturados en catro capítulos, unha disposición adicional, unha disposición derogatoria, nove disposicións derradeiras e dous anexos. Os capítulos ocúpense sucesivamente do obxecto e ámbito de aplicación, da repatriación, da alimentación e aloxamento e da protección da saúde e atención médica. Máis concretamente, a norma, tras establecer o seu obxecto, recoller as definicións precisas e determinar o seu ámbito de aplicación no seu capítulo I, prevé no seu capítulo II as regras de aplicación ao dereito á repatriación.

O capítulo III establece disposicións mínimas sobre alimentación e auga potable a bordo e aloxamento de aplicación común, e delimita o ámbito de aplicación dos anexos, que non se estende a todos os buques de pesca. Para estes efectos, será determinante a data de entrada en vigor do real decreto e a fase de construción ou transformación importante en que se encontre o buque a partir desa data.

O capítulo IV recolle as disposicións en materia de protección da saúde e atención médica.

A disposición adicional única prevé a aplicación das normas que cita nas situacións creadas antes da entrada en vigor deste real decreto.

En canto ás disposicións derradeiras, mediante a disposición derradeira primeira modifícase o Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo; a disposición derradeira segunda modifica o Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o artigo 8, punto 5, da Lei do Estatuto dos traballadores, en materia de información ao traballador sobre os elementos esenciais do contrato de traballo; a disposición derradeira terceira modifica o Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro; a disposición derradeira cuarta recolle o título competencial, que se refire a competencias en materia de lexislación laboral, ordenación do sector pesqueiro e mariña mercante; a disposición derradeira quinta regula a habilitación aos ministerios de Traballo e Economía Social, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento normativo, execución e aplicación deste real decreto; a disposición derradeira sexta autoriza o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo para desenvolver criterios e información técnica co obxectivo de facilitar a aplicación do presente real decreto; a disposición derradeira sétima fai referencia ao réxime sancionador aplicable en caso de incumprimento das disposicións recollidas no real decreto; a disposición derradeira oitava recolle a incorporación do dereito da Unión, isto é, da Directiva (UE) 2017/159 do Consello, de 19 de decembro de 2016, pola que se aplica o Acordo relativo á aplicación do Convenio sobre o traballo na pesca de 2007 da Organización Internacional do Traballo, suscrito o 21 de maio de 2012 entre a Confederación Xeral de Cooperativas Agrarias da Unión Europea (Coxeca), a Federación Europea de Traballadores do Transporte (ETF) e a Asociación das Organizacións Nacionais de Empresas Pesqueiras da Unión Europea (Europêche); a disposición derradeira novena recolle a entrada en vigor, o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Pola súa parte, o anexo I contén disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao aloxamento a bordo de buques de pesca para aqueles buques que se encontren nalgunha das situacións previstas no artigo 7 e, por último, o anexo II recolle aqueles aspectos e circunstancias en que as regras do anexo I poden ser adaptadas, en atención ao tempo que permaneza a embarcación no mar e ao uso que dela se faga, principalmente.

En ningún caso a aplicación deste real decreto debe servir para xustificar unha diminución do nivel xeral de protección dos traballadores nos ámbitos materiais a que se estende.

Ademais, con este real decreto avánzase no cumprimento da meta 8.8 da Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable, é dicir, na mellora da protección dos dereitos laborais

e a promoción dun contorno de traballo seguro e sen riscos para todas as persoas traballadoras.

A teor do exposto, este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, a súa aprobación deriva da existencia de transposición das directivas comunitarias en prazo, e incorpórase así ao ordenamento interno español o citado Convenio da OIT aplicado pola Directiva (UE) 2017/159. Esta existencia tamén xustifica a adecuación deste real decreto aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, eficacia e eficiencia, dado que as prescricións aplicadas pola indicada directiva requiren da súa aprobación.

Finalmente, cumpre o principio de transparencia posto que se substanciou tanto o trámite de consulta pública previo á elaboración do texto como o sometemento do proxecto normativo ao trámite de audiencia e información pública, en ambos os casos de conformidade cos números 2 e 6 do artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Para este fin, facilitouse a información e textos correspondentes a cada trámite a través do portal web do que fora Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social (<http://www.mitramiss.gob.es/>).

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas e oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.

Por proposta da ministra de Traballo e Economía Social, dos ministros de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, oído o Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e alcance.*

1. Este real decreto ten por obxecto a mellora das condicións de traballo no sector pesqueiro, por medio de disposicións en materia de contratación, de tempo de traballo, de repatriación, de alimentación, de aloxamento e de protección da saúde e atención médica dos mariñeiros incluídos dentro do ámbito de aplicación previsto no artigo 3.

2. As disposicións mínimas de seguridade e saúde no aloxamento a bordo de buques de pesca, previstas nos anexos I e II, só serán de obrigatoria aplicación nos supostos determinados no artigo 7.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

- a) Operación de pesca: a captura, ou a captura e a transformación, de pescado ou outros recursos pesqueiros.
- b) Pesca comercial: todas as operacións de pesca, con excepción da pesca de subsistencia e da pesca deportiva.
- c) Buque pesqueiro ou buque de pesca: toda embarcación ou buque de pesca profesional incluído na lista terceira do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, de conformidade co artigo 4.1.c) do Real decreto 1027/1989, do 28 de xullo, sobre abandeiramento, matriculación de buques e rexistro marítimo.
- d) Eslora: o 96 por cento da lonxitude total nunha flotación correspondente ao 85 por cento do puntal mínimo de trazado, medido desde a liña de quilla, ou a lonxitude desde a cara proeiro da roda ao eixe da mecha do temón nesa flotación, se esta for maior; nos

buques proxectados con quilla inclinada, a flotación de referencia para medir a eslora deberá ser paralela á flotación de proxecto.

e) Eslora total: a distancia medida paralelamente á liña de auga de proxecto, entre dous planos perpendiculares á liña de coxía; un deles que pase pola parte máis saínte á popa do buque, e o outro pola parte máis saínte á súa proa.

f) Mariñeiro: toda persoa empregada, contratada ou que traballe en calquera posto a bordo dun buque pesqueiro nas condicións previstas no artigo 3, con exclusión dos prácticos, dos observadores científicos e do persoal de terra que realice traballos a bordo dun buque pesqueiro no porto.

g) Capitán ou patrón: o mariñeiro ao mando dun buque pesqueiro.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a todos os mariñeiros que traballen en calquera posto suxeitos a unha relación laboral en calquera buque pesqueiro abandeirado en España ou rexistrado baixo a plena xurisdición española dedicado á realización de operacións de pesca comercial, así como aos empresarios ou armadores que reciban a prestación de servizos dos anteriores.

2. As disposicións deste real decreto cuxo obxectivo sexa garantir a protección da seguridade e a saúde en xeral aplicaranse tamén aos mariñeiros traballadores autónomos ou por conta propia presentes no mesmo buque que os mariñeiros traballadores por conta allea recollidos no punto 1.

Ademais, e en todo caso:

a) Garantirase a aplicación das disposicións mínimas de seguridade e saúde en materia de ordenación do tempo de traballo, previstas no Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, no relativo ao traballo na pesca.

b) Garantirase que os traballadores por conta propia menores de 18 anos non realicen traballos nocturnos nin desempeñen a bordo dos buques de pesca actividades respecto das cales a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, impoña limitacións para os traballadores por conta allea.

CAPÍTULO II

Dereito de repatriación

Artigo 4. *Dereito de repatriación.*

1. Os mariñeiros a bordo de buques de pesca que enarboren pavillón español terán dereito a ser repatriados ao seu país de residencia cando o buque se encontre nun porto estranxeiro nos seguintes supostos:

a) Cando o contrato de traballo se extingue;

b) Cando o contrato de traballo fose denunciado por causas xustificadas por unha ou ambas as partes do contrato;

c) Cando a prestación laboral non sexa exixible por encontrarse o traballo suspendido por causas non imputables á vontade do mariñeiro;

d) Cando se encontren incapacitados para realizaren as tarefas requiridas en virtude do contrato de traballo ou non caiba esperar que as realicen tendo en conta as circunstancias, sen prexuízo do establecido na Lei 47/2015, do 21 de outubro, reguladora da protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro.

Este mesmo dereito seralles de aplicación aos mariñeiros dos ditos buques cando sexan transferidos do buque ao porto estranxeiro, polos mesmos motivos.

2. Nos supostos de repatriación recollidos no número anterior, o custo da repatriación recaerá sobre o armador, salvo en caso de extinción do contrato de traballo por despedimento disciplinario declarado procedente.

O cumprimento desta obrigaçión garantírase mediante a constituçión dun seguro ou garantía financeira equivalente nos termos da disposición derradeira cuarta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial.

O anterior non menoscará o dereito do armador a recuperar o custo da repatriación en virtude dos acordos contractuais con terceiras partes.

CAPÍTULO III

Alimentación e aloxamento

Artigo 5. *Alimentación e auga potable.*

1. O armador deberá garantir que os alimentos subministrados a bordo sexan de valor nutritivo, calidade e cantidade suficientes. Igualmente, deberá subministrar auga potable de calidade e en cantidade suficiente.

2. Os alimentos e a auga proporcionada a bordo non suporán custo ningún para o mariñeiro. Non obstante, o armador poderá recuperar o seu custo como custos de explotación, coa condición de que así se estipulase nun convenio colectivo que estableza o sistema de remuneración á parte ou no contrato de traballo do mariñeiro.

Artigo 6. *Aloxamento a bordo dos buques pesqueiros.*

Os aloxamentos a bordo dos buques pesqueiros deberán ter tamaño e calidade suficientes e estar equipados de forma apropiada para o servizo do buque e a duración do período en que os mariñeiros deban vivir a bordo. En particular, deberán abarcar, segundo proceda, os seguintes aspectos:

- a) Aprobación dos planos de construción ou de transformación dos buques de pesca polo que respecta ao aloxamento;
- b) mantemento dos espazos destinados ao aloxamento e á cociña;
- c) ventilación, calefacción, refrixeración e iluminación;
- d) mitigación de ruídos e vibracións excesivas;
- e) situación, tamaño, materiais de construción, mobiliario e equipamento dos dormitorios, comedores e outros de aloxamento;
- f) instalacións sanitarias, incluídos retretes, espazos e lavabos, e subministración de auga quente e fría en cantidade suficiente, e
- g) procedementos para responder ás queixas relativas ás condicións de aloxamento que non sexan conformes cos requisitos establecidos no presente artigo e no anexo I do real decreto.

Artigo 7. *Disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos aloxamentos de determinados buques de pesca.*

1. As disposicións mínimas de seguridade e saúde en materia de aloxamento contidas no anexo I deste real decreto serán de aplicación a todo buque pesqueiro con cuberta que se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- a) Que o contrato de construción ou de transformación importante fose adxudicado con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto;
- b) que o contrato de construción ou de transformación importante fose adxudicado antes da data de entrada en vigor deste real decreto, se a entrega do buque se produce tres ou máis anos despois da dita data; ou

c) que, na falta dun contrato de construción, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto:

- i. se instalase a quilla, ou
- ii. se iniciase a construción que pode identificarse como propia dun buque concreto, ou
- iii. comezase unha fase de montaxe que supón a utilización de non menos de 50 toneladas do total estimado do material estrutural ou un 1 % do dito total, se este segundo valor é inferior.

2. Os buques de pesca incluídos no número anterior que permanezan habitualmente no mar menos de vinte e catro horas poderán acollerse ás excepcións naqueles números do anexo I que se detallan no anexo II, sempre e cando os mariñeiros non vivan a bordo dos ditos buques amarrados en porto.

CAPÍTULO IV

Protección da saúde e atención médica

Artigo 8. *Protección da saúde e atención médica.*

1. O traballador a bordo dun buque de pesca:

a) Terá dereito a recibir un tratamento médico en terra e a ser desembarcado canto antes en caso de sufrir lesións ou enfermidades graves;

b) Recibirá do armador do buque de pesca protección da súa saúde e atención médica, que se facilitará gratuitamente ao mariñeiro, mentres estea a bordo, ou cando desembarque nun porto fóra do país responsable da súa protección de seguridade social.

2. A protección da saúde e atención médica a que se refire o número anterior incluirán o tratamento médico e a axuda e o apoio material durante este se o mariñeiro foi desembarcado nun porto fóra do país responsable da súa protección de seguridade social.

3. Até que o mariñeiro sexa repatriado, o armador farase cargo dos gastos de asistencia médica, conforme o previsto no número 1.b), sen prexuízo do reintegro de gastos que corresponda ao armador conforme o artigo 21 da Lei 47/2015, do 21 de outubro.

4. Cando o traballador estea cuberto por un sistema de seguridade social que non inclúa a protección en casos de enfermidade, lesión ou morte relacionadas co traballo, nin a indemnización correspondente por enfermidade ou lesión causadas por un accidente de traballo, a responsabilidade recaerá no armador.

5. A responsabilidade financeira que incumbe ao armador, en virtude do presente artigo, deberá garantirse a través dun seguro obrigatorio cuxo certificado ou outras probas documentais deberán incluír, como mínimo:

- a) Os datos identificativos do buque e do armador,
- b) o nome e enderezo do provedor ou provedores do seguro,
- c) o período de validez do seguro,
- d) unha atestación do provedor que indique que esta garantía cumpre os dereitos do traballador incluídos no presente artigo.

Disposición adicional única. *Subsistencia de disposicións anteriores á entrada en vigor do real decreto.*

1. Este real decreto non afectará a vixencia das disposicións sobre seguridade e saúde anteriores ao momento da súa entrada en vigor, aplicables aos buques de pesca non afectados polos anexos I e II do real decreto.

En particular, a entrada en vigor deste real decreto non afectará a aplicación das seguintes disposicións:

- a) Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca;
- b) Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar;
- c) Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído;
- d) Real decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivar da exposición a vibracións mecánicas.

2. Nos ámbitos non cubertos por este real decreto, manterán a súa vixencia as disposicións relativas aos aloxamentos a bordo de buques pesqueiros e, en particular, as contidas no Regulamento para o recoñecemento dos aloxamentos a bordo de buques pesqueiros na parte que afecta a construción naval, aprobado pola Orde de 17 de agosto de 1970.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.*

Modifícase a disposición adicional cuarta do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional cuarta. *Prohibición do traballo nocturno dos traballadores menores de dezaioito anos na mariña mercante e na pesca.*

Para efectos da prohibición do traballo nocturno dos traballadores menores de dezaioito anos prevista no número 2 do artigo 6 do Estatuto dos traballadores, no traballo a bordo dos buques na mariña mercante e na pesca, considerarase traballo nocturno o realizado entre as dez da noite e as sete da mañá.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o artigo 8, número 5, da Lei do Estatuto dos traballadores en materia de información ao traballador sobre os elementos esenciais do contrato de traballo.*

Modifícase o Real decreto 1659/1998, do 24 de xullo, polo que se desenvolve o artigo 8, número 5, da Lei do Estatuto dos traballadores en materia de información ao traballador sobre os elementos esenciais do contrato de traballo, que queda redactado como segue:

Un. Insírese un capítulo I, co título «Disposicións xerais», que abarca os artigos 1 a 7, ambos inclusive.

Dous. Insírese un capítulo II, co título «Disposicións aplicables ao traballo na pesca», que abarca os artigos 8, 9 e 10, que se engaden.

Tres. Engádesse un artigo 8, coa seguinte redacción:

«Artigo 8. *Ámbito de aplicación deste capítulo.*

As disposicións do presente capítulo aplicaranse aos contratos de traballo dos mariñeiros que presten servizos a bordo de buques pesqueiros abandeirados en España ou rexistrados baixo plena xurisdición española, con independencia da duración daqueles.»

Catro. Introdúcese un artigo 9, coa seguinte redacción:

«Artigo 9. *Obrigacións relativas ao contrato de traballo dos mariñeiros.*

1. De acordo co disposto no número 2 do artigo 8 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, o contrato de traballo dos mariñeiros formalizarase sempre por escrito.

2. O mariñeiro poderá solicitar asesoramento legal no momento de asinar o contrato, neste farase constar o feito da súa sinatura con asesoramento legal, ou ben que o traballador non fixo uso desta posibilidade.

3. O contrato dos mariñeiros deberá levarse a bordo e estará á súa disposición e á das autoridades interesadas que o soliciten. Quedan exceptuados da obrigación de levar os contratos de traballo a bordo os buques pesqueiros de até vinte e catro metros de eslora, salvo se deben entrar en porto estranxeiro.

4. O armador deberá facilitar ao mariñeiro un exemplar do contrato de traballo asinado.»

Cinco. Engádesse un artigo 10, coa seguinte redacción:

«Artigo 10. *Contido mínimo do contrato de traballo dos mariñeiros.*

O contrato de traballo do mariñeiro deberá recoller a seguinte información:

a) A identidade do armador, incluíndo o seu nome ou razón social, o seu domicilio social e os seus datos identificativos.

b) Os datos identificativos do mariñeiro, incluíndo a súa data de nacemento ou idade e o seu lugar de nacemento.

c) O nome do buque ou os buques pesqueiros e o número de rexistro do buque ou os buques a bordo do cal ou dos cales se comprometa a traballar o mariñeiro.

d) A viaxe ou as viaxes que se vaian emprender, se isto pode determinarse no momento de subscribir o acordo.

e) Se é posible, o lugar e a data en que o mariñeiro ten que presentarse a bordo para comezar o seu servizo.

f) A categoría ou o grupo profesional do posto de traballo que desempeñe o mariñeiro ou a caracterización ou a descrición resumida del, en termos que permitan coñecer con suficiente precisión o contido específico do traballo.

g) A contía do salario base inicial e dos complementos salariais, así como a periodicidade do seu pagamento. Se o mariñeiro é remunerado á parte, a porcentaxe da súa participación en especie e o método adoptado para o seu cálculo, ou o importe do seu salario e a porcentaxe da súa participación e o método adoptado para o cálculo desta se é remunerado mediante unha combinación destes dous métodos, así como o salario mínimo que poida terse convido.

h) Os víveres que se subministrarán ao mariñeiro, salvo sistema diferente previsto legal ou convencionalmente.

i) A duración e a distribución da xornada ordinaria de traballo.

j) Os períodos mínimos de descanso.

k) A duración das vacacións e, se for o caso, as modalidades de atribución e de determinación das ditas vacacións;

l) A cobertura sanitaria e de seguridade social e as prestacións que deberá proporcionar ao mariñeiro o armador.

m) O dereito do mariñeiro á repatriación.

n) A terminación do contrato e as condicións correspondentes, é dicir:

i. se o contrato se subscribiu por un período determinado, a data fixada para a súa expiración;

ii. se o contrato se subscribiu para unha viaxe, o porto de destino e o prazo que deberá transcorrer despois da chegada a destino para poder pór fin á contratación do mariñeiro;

iii. se o contrato se subscribiu por un período indeterminado, as condicións que permitirán a cada unha das partes rescindilo, así como o prazo de aviso previo requirido, que non poderá ser máis curto para o armador que para o mariñeiro.

- o) O convenio colectivo aplicable.
- p) O lugar e a data de formalización do contrato.»

Seis. Introdúcese unha disposición adicional única, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Modelo de contrato de traballo dos mariñeiros.*

O Servizo Público de Emprego Estatal porá á disposición de armadores e mariñeiros un modelo de contrato de traballo que recolla o contido indicado no artigo 10 deste real decreto, redactado en español e en inglés.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro.*

Modifícase o número 6 do anexo III do Real decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro, que queda redactado como segue:

«6. Seguridade e saúde nas faenas de pesca: clases de buques de pesca, tipos de artes e aparellos de pesca e operacións que se realizarán con eles. Perigos por movementos e aceleracións, superficies escorregadizas, risco de incendios, uso de medios de protección persoal, estanquidade en pesqueiros, portas de desaugamento e peche de portas e outras aperturas.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas.

Desta competencia exceptúanse os artigos 6 e 7, así como os anexos I e II, que se ditan ao abeiro do disposto no artigo 149.1.20.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre mariña mercante, e a disposición derradeira terceira que ten carácter de norma básica de ordenación do sector pesqueiro, e que se dita en virtude do establecido no artigo 149.1.19.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo, execución e aplicación.*

1. Facúltanse as persoas titulares dos ministerios de Traballo e Economía Social, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, no ámbito das súas respectivas competencias, para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento normativo e aplicación deste real decreto.

2. Así mesmo, no ámbito das súas respectivas competencias, facúltanse para adoptar as medidas e levar a cabo as actuacións precisas para a aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Autorización para adoptar medidas de aplicación.*

Autorízase o Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo para incluír na Guía técnica non vinculante para a avaliación e prevención dos riscos relativos á utilización dos buques de pesca, elaborada de acordo co disposto na disposición derradeira primeira do

Real decreto 1216/1997, do 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo a bordo dos buques de pesca, os criterios e información técnica que se consideren necesarios co obxectivo de facilitar a aplicación do presente real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Réxime sancionador.*

Os incumprimentos das disposicións recollidas no presente real decreto quedarán sometidos ao réxime de responsabilidades previstas no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto; o título IV do libro terceiro do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, e o título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Disposición derradeira oitava. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español os preceptos da Directiva (UE) 2017/159 do Consello, do 19 de decembro de 2016, pola que se aplica o Acordo relativo á aplicación do Convenio sobre o traballo na pesca de 2007 da Organización Internacional do Traballo, suscrito o 21 de maio de 2012 entre a Confederación Xeral de Cooperativas Agrarias da Unión Europea (Coxeca), a Federación Europea de Traballadores do Transporte (ETF) e a Asociación das Organizacións Nacionais de Empresas Pesqueiras da Unión Europea (Europêche), que non estaban xa recollidos na normativa española vixente.

Disposición derradeira novena. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xuño de 2020.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao aloxamento a bordo*Disposicións xerais*

A. Este anexo establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas ao aloxamento que serán de aplicación a aqueles buques pesqueiros que se encontren nalgunha das situacións previstas no artigo 7.

B. As disposicións deste anexo deberán aplicarse sen prexuízo do disposto noutra normativa específica que resulte de aplicación.

C. Nos casos así previstos, este anexo aplicarase coas excepcións establecidas no anexo II.

D. Os mariñeiros que traballen a bordo de buques auxiliares non equipados con instalacións sanitarias e aloxamentos adecuados deberán dispor das ditas instalacións e aloxamentos a bordo do buque nai.

Planificación e control

1. Os requisitos previstos neste número aplicaranse co seguinte alcance:

a) Cando se constrúa un buque de pesca ou se reconstrúa o aloxamento da tripulación a bordo do buque, a Administración marítima deberá comprobar que no dito buque se cumpren os requisitos previstos no presente anexo.

b) Así mesmo, a Administración marítima exixirá, na medida en que sexa factible e razoable, o cumprimento do disposto neste anexo para todo buque en que se altere substancialmente o aloxamento da tripulación.

c) Cando un buque cambie o seu pavillón polo pavillón español, exixiráselle que cumpra os requisitos previstos neste anexo aplicables de conformidade co parágrafo a) deste número e co artigo 7 do real decreto.

2. Cando as situacións sinaladas no número anterior se refiran a buques de eslora igual ou superior a 24 metros, exixirase que os planos detallados do aloxamento e a información correspondente se sometan á aprobación da Administración marítima ou dunha entidade autorizada por esta para tal efecto.

3. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, en cada ocasión en que o aloxamento da tripulación do buque pesqueiro fose reconstruído ou modificado de forma substancial, a Administración marítima procederá á inspección do aloxamento co fin de comprobar a súa conformidade co disposto neste real decreto; tamén o fará cando o buque cambie o seu pavillón ao pavillón español, para comprobar o cumprimento dos requisitos deste anexo aplicables de conformidade co número 1.a) e co artigo 7 do real decreto. De igual modo, a Administración marítima poderá levar a cabo inspeccións adicionais do aloxamento da tripulación, cando o considere oportuno.

4. Cando un buque cambie de pavillón dun Estado non pertencente á Unión Europea a pavillón español ou estea rexistrado baixo a plena xurisdición de España, deixarán de aplicárselle os requisitos alternativos que a Administración competente do Estado non pertencente á Unión Europea tería podido adoptar de conformidade cos números 15, 39, 47 ou 62 do anexo III do Convenio OIT 188.

Deseño e construción

5. Todos os espazos de aloxamento deberán ter unha altura libre adecuada. En canto aos espazos en que os mariñeiros deban permanecer de pé durante períodos prolongados, a altura libre mínima será establecida pola Administración marítima.

6. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, a altura libre mínima permitida en todos os aloxamentos en que se deba poder circular libremente non deberá ser inferior a 200 centímetros.

Aberturas cara aos espazos de aloxamento e entre estes

7. Non se admitirán aberturas que comuniquen directamente os dormitorios coas adegas de peixe e as salas de máquinas, salvo cando se trate de saídas de emerxencia. Sempre que sexa razoable e factible, deberán evitarse as aberturas que comuniquen directamente os dormitorios coas cociñas, despensas, tendais ou instalacións sanitarias comúns, salvo que se dispoña expresamente outra cousa.

8. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, non se admitirán aberturas que comuniquen directamente os dormitorios coas adegas de peixe, salas de máquinas, cociñas, despensas, tendais ou instalacións sanitarias comúns, salvo cando se trate de saídas de emerxencia; as partes dos anteparos que separen estes lugares dos dormitorios e os anteparos exteriores destes últimos deberán estar adecuadamente construídas con aceiro ou outro material aprobado, e ser estancas á auga e ao gas. A presente disposición non exclúe a posibilidade de que as instalacións sanitarias sexan compartidas entre dous camarotes.

Illamento

9. Os espazos de aloxamento deberán estar adecuadamente illados. Os materiais que se utilicen para construír os anteparos interiores, paneis, vagras, revestimentos do chan e xuntas deberán ser adecuados para tales fins e aptos para garantir un contorno saudable. Todos os espazos de aloxamento deberán estar provistos dun desaugadoiro suficiente.

10. Deberanse adoptar todas as medidas factibles co fin de protexer a tripulación dos buques pesqueiros das moscas e outros insectos, en particular cando estes buques operen en zonas infestadas de mosquitos.

11. Todos os espazos de aloxamento da tripulación deberán estar provistos das saídas de emerxencia necesarias.

Ruído e vibracións

12. Os espazos de aloxamento deberán asegurar unha protección adecuada dos mariñeiros contra os efectos do ruído e as vibracións, incluídos os efectos da fatiga que estes provocan. En calquera caso, resultarán de aplicación o Real decreto 286/2006, do 10 de marzo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído, e o Real decreto 1311/2005, do 4 de novembro, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores fronte aos riscos derivados ou que poidan derivar da exposición a vibracións mecánicas.

Ventilación

13. Os espazos de aloxamento deberán estar ventilados, tendo en conta as condicións climáticas. O sistema de ventilación deberá proporcionar aire de maneira satisfactoria cando os mariñeiros se encontren a bordo.

14. En materia de protección dos non fumadores do fume do tabaco resultará de aplicación a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco.

15. Os buques de eslora igual ou superior a 24 metros deberán estar equipados cun sistema de ventilación do aloxamento, que deberá regularse de maneira que permita manter o aire en condicións satisfactorias e asegure unha circulación suficiente do aire en calquera condición atmosférica e climatolóxica. Os sistemas de ventilación deberán funcionar de forma ininterrompida mentres os mariñeiros se encontren a bordo do buque.

Calefacción e aire acondicionado

16. Os espazos de aloxamento deberán dispor dunha calefacción adecuada, tendo en conta as condicións climáticas.

17. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, con excepción dos buques pesqueiros que operen exclusivamente en zonas tropicais, deberá proporcionarse un nivel de temperatura adecuado, mediante un sistema de calefacción apropiado. O sistema de calefacción subministrará a calor necesaria en calquera circunstancia e deberá funcionar cando os mariñeiros estean vivindo ou traballando a bordo e as condicións o exixan.

18. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, con excepción dos que operen con regularidade en zonas cuxas condicións climáticas temperadas fagan innecesaria esta disposición, deberase proporcionar aire acondicionado nos espazos de aloxamento, na ponte de mando, na sala de radio e toda sala de control central de máquinas.

Iluminación

19. Todos os espazos de aloxamento deberán dispor dunha iluminación adecuada.

20. Sempre que sexa posible, os espazos de aloxamento deberán iluminarse con luz natural ademais de luz artificial. Nos dormitorios iluminados con luz natural deberán preverse medios para que non entre a luz.

21. Cada liteira deberá estar equipada cunha lámpada de lectura, ademais da iluminación normal do dormitorio.

22. Os dormitorios deberán estar equipados con luces de emerxencia.

23. En caso de que un buque non estea equipado con luces de emerxencia nos comedores, as zonas de paso e outros espazos que se utilicen, ou poidan utilizarse, como saídas de emerxencia, deberá instalarse unha iluminación nocturna.

24. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, os espazos de aloxamento deberán iluminarse conforme as normas establecidas pola Administración marítima. En todas as partes dos espazos de aloxamento onde se poida circular libremente, a norma mínima en materia de iluminación deberá permitir que toda persoa que teña unha visión normal poida ler, nun día claro, un xornal corrente.

Dormitorios

Disposicións xerais

25. Cando o deseño, as dimensións ou o servizo a que estea destinado o buque o permitan, os dormitorios deberán estar situados en partes do buque onde se minimicen os efectos do seu movemento e aceleración, pero en ningún caso diante do anteparo de colisión.

Superficie

26. O número de persoas por dormitorio e a superficie por persoa, con exclusión do espazo ocupado polas liteiras e armarios, deberán ser tales que os mariñeiros dispoñan a bordo dun espazo e unha comodidade adecuados, tendo en conta o servizo a que estea destinado o buque.

27. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, pero cuxa eslora sexa inferior a corenta e cinco metros, a superficie por persoa nos dormitorios, con exclusión do espazo ocupado polas liteiras e armarios, non deberá ser inferior a 1,5 metros cadrados.

28. Nos buques de eslora igual ou superior a corenta e cinco metros, a superficie por persoa nos dormitorios, con exclusión do espazo ocupado polas liteiras e armarios, non deberá ser inferior a 2 metros cadrados.

Persoas por dormitorio

29. Na medida en que non se dispoña expresamente outra cousa, o número de persoas que ocupen un dormitorio non deberá ser superior a seis.

30. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, o número de persoas que poderán ocupar un dormitorio non deberá ser superior a catro. A Administración marítima poderá autorizar excepcións a este requisito en casos particulares cando o seu cumprimento non sexa razoable ou factible tendo en conta as dimensións ou a natureza do buque, ou o servizo a que se destina.

31. Na medida en que non se dispoña expresamente outra cousa e sexa factible, proporcionaranse aos oficiais un ou máis dormitorios separados.

32. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, os dormitorios dos oficiais destinaranse, cada vez que sexa posible, a unha soa persoa; en ningún caso haberá máis de dúas liteiras por dormitorio. A Administración marítima poderá permitir excepcións aos requisitos contidos neste parágrafo, nos casos particulares en que a aplicación destes non sexa razoable ou factible tendo en conta o tipo de buque, as súas dimensións ou o servizo a que estea destinado.

Outras disposicións

33. O número máximo de persoas que poden aloxarse nun dormitorio deberá indicarse, en forma lexible e indeleble, nun lugar facilmente visible da habitación.

34. Deberán proporcionarse liteiras individuais de dimensións apropiadas. Os colchóns deberán ser dun material apropiado. Deberá proporcionarse unha iluminación individual para cada liteira.

35. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, as dimensións interiores das liteiras non deberán ser inferiores a 198 por 80 centímetros.

36. Os dormitorios deberán proxectarse e equiparse de maneira que se facilite a súa limpeza e se proporcione unha comodidade razoable aos ocupantes. No seu equipamento deberán incluírse liteiras, armarios individuais de dimensións suficientes para conter a roupa e demais efectos persoais, e unha superficie adecuada para escribir.

37. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, deberá proporcionarse un escritorio adecuado para escribir e unha cadeira.

38. Na medida en que sexa factible, os dormitorios deberán estar situados ou equipados de maneira que os homes e as mulleres poidan ter unha privacidade conveniente.

Comedores

39. Os comedores deberán estar tan preto como sexa posible da cociña, pero en ningún caso diante do anteparo de colisión.

40. Os buques deberán dispor de comedores apropiados para o seu funcionamento. Na medida en que non se dispoña expresamente outra cousa, e cando sexa factible, os comedores deberán estar separados dos dormitorios.

41. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, os comedores deberán estar separados dos dormitorios.

42. As dimensións e o equipamento de cada comedor deberán ser suficientes para acoller o número de persoas que se considere que poidan utilizalo en calquera momento.

43. Nos buques cunha eslora total de quince metros ou máis, os mariñeiros deberán ter acceso en todo momento a un refrixerador de volume adecuado e a posibilidade de prepararen bebidas quentes ou frías.

Bañeiras ou duchas, retretes e lavabos

44. Deberán preverse instalacións sanitarias, con retretes, lavabos e bañeiras ou duchas, para todas as persoas a bordo, segundo conveña á utilización do buque. Estas

instalacións deberán cumprir, polo menos, as normas mínimas de saúde e de hixiene e ofrecer un nivel de calidade razoable.

45. As instalacións sanitarias deberán concibirse de maneira que, na medida en que sexa factible, se elimine todo risco de contaminación dos demais espazos. As instalacións sanitarias deberán permitir unha privacidade razoable.

46. Todos os mariñeiros e demais persoas a bordo deberán dispor de auga doce, quente e fría, en cantidade suficiente para asegurar unha hixiene adecuada.

47. Cando se faciliten instalacións sanitarias, estas deberán ventilarse por medio dunha abertura ao aire libre, independente de calquera outra parte do aloxamento.

48. Todas as superficies das instalacións sanitarias deberán ser aptas para unha limpeza fácil e eficaz. O piso estará cuberto cun revestimento antiescorregadizo.

49. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, todos os mariñeiros que non ocupen habitacións con instalacións sanitarias privadas deberán dispor de, polo menos, unha bañeira ou ducha ou ambas á vez, un retrete e un lavabo por cada catro persoas ou menos.

Lavandarias

50. Na medida en que non se estipule expresamente outra cousa, deberán preverse instalacións para lavar e secar a roupa, segundo sexa necesario e tomando en consideración as condicións de utilización do buque.

51. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, deberán preverse instalacións adecuadas para lavar, secar e pasar o ferro á roupa.

52. Nos buques de eslora igual ou superior a corenta e cinco metros, disporanse instalacións adecuadas para lavar, secar e pasar o ferro á roupa nun local separado dos dormitorios, comedores e retretes, que deberá estar suficientemente ventilado, quente e provisto de cordas ou outros medios para secar a roupa.

Instalacións para a atención de mariñeiros enfermos ou lesionados

53. Ademais dos requisitos previstos no Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar, porase á disposición do mariñeiro que padeza unha enfermidade ou que estea lesionado unha cabina.

54. En lugar do previsto no artigo 9.1 do Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar, aplicarase o seguinte: nos buques de máis de 500 toneladas de rexistro bruto (TRB) en que viaxen quince ou máis mariñeiros durante máis de tres días, e nos buques pesqueiros de corenta e cinco metros de eslora ou máis, independentemente do número de tripulantes e da duración da viaxe, deberase dispor dunha enfermaría separada que permita dispensar coidados médicos. As instalacións deberán estar adecuadamente equipadas e mantidas en condicións hixiénicas.

Outras instalacións

55. Deberase dispor dun lugar adecuado para colgar a roupa impermeable e demais equipamentos de protección persoal, fóra dos dormitorios pero en sitios facilmente accesibles desde eles.

Roupa de cama, louza e artigos diversos

56. Proporcionarase louza, así como roupa de cama e outra roupa branca a todos os mariñeiros que se encontren a bordo do buque. O custo da roupa branca poderá recuperarse como gastos de explotación, coa condición de que así estea estipulado nun convenio colectivo ou no contrato de traballo do mariñeiro.

Instalacións de recreo

57. Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, todos os mariñeiros deberán dispor de instalacións, equipamentos e servizos de recreo apropiados. Cando así proceda, os comedores poderán ser utilizados como instalacións de recreo.

Instalacións de comunicación

58. Na medida en que sexa factible, todos os mariñeiros a bordo terán un acceso razoable aos equipamentos de comunicación, a un custo razoable que non excederá o custo total das comunicacións para o armador.

Cociña e despensa

59. Deberán preverse equipamentos para cociñar a bordo. Salvo que se dispoña outra cousa e cando sexa factible, estes equipamentos deberán instalarse nunha cociña separada.

60. A cociña ou as instalacións destinadas a cociñar, cando non se dispoña dunha cociña separada, deberán ser de dimensións adecuadas, e estar ben iluminadas e ventiladas e debidamente equipadas e mantidas.

61. Os buques de eslora igual ou superior a 24 metros deberán estar equipados con cociñas separadas.

62. Os recipientes de gas butano ou propano utilizados para cociñar deberán manterse na cuberta exterior dentro dun refuxio que os protexa das fontes de calor e dos choques do exterior.

63. Deberá disporse dun lugar apropiado e de volume suficiente para almacenar as provisións, que poida ventilarse e manterse seco e fresco para evitar a deterioración dos alimentos. Na medida en que non se estipule expresamente outra cousa e cando sexa factible, instalaranse refrixeradores ou outros medios de almacenamento a baixa temperatura.

64. Nos buques de eslora total de quince metros ou máis utilizaranse unha despensa e un refrixerador e outros lugares para almacenar provisións a baixa temperatura.

Alimentos e auga potable

65. O abastecemento de víveres e auga potable deberá ser suficiente en relación co número de mariñeiros e a duración e natureza da viaxe. Ademais, deberá ser adecuado en canto ao seu valor nutritivo, calidade, cantidade e variedade, tendo en conta, así mesmo, as exixencias relixiosas e as prácticas culturais dos mariñeiros en relación cos alimentos.

Condições de limpeza e habitabilidade

66. Os espazos de aloxamento dos mariñeiros deberán manterse en condicións adecuadas de limpeza e habitabilidade, e non se deberá almacenar neles ningún material ou mercadoría que non sexa propiedade persoal dos seus ocupantes ou que non estea destinado á súa seguridade ou salvamento.

67. A cociña e a despensa deberán manterse en boas condicións hixiénicas.

68. Os refugallos deberán depositarse en contedores ben cerrados e selados, e deberán retirarse dos lugares onde se manipulen alimentos, cada vez que sexa necesario.

Inspeccións por parte do capitán ou patrón ou por orde deste

69. Nos buques pesqueiros de eslora igual ou superior a 24 metros, o capitán ou patrón, ou outra persoa que actúe baixo as súas ordes, deberá realizar inspeccións frecuentes para asegurar:

- i. Que o aloxamento dos mariñeiros estea limpo, sexa habitable e seguro e se manteña en boas condicións;
- ii. que a subministración de alimentos e auga potable sexa suficiente; e
- iii. que a hixiene e o mantemento da cocíña e os locais e equipamento de despensa sexan apropiados.

Os resultados destas inspeccións e as medidas adoptadas para solucionar as anomalías que se detecten deberán consignarse e estar dispoñibles para consulta.

Excepcións

70. Mediante convenio colectivo poderanse autorizar, logo de consulta, excepcións con respecto ás disposicións do presente anexo para efectos de ter en conta, sen incorrer en discriminación ningunha, os intereses dos mariñeiros que observen prácticas relixiosas e sociais diferentes e distintivas coa condición de que tales excepcións non redunden en condicións que, en conxunto, sexan menos favorables que as que se obterían da aplicación do presente anexo.

ANEXO II

Excepcións

Prevense excepcións á aplicación do anexo I, ás cales poderán acollerse os buques pesqueiros que permanezan no mar habitualmente menos de vinte e catro horas, se os mariñeiros non viven a bordo dos ditos buques cando estean amarrados no porto, nos termos seguintes:

- a) Estarán exentos do cumprimento dos seguintes números: 27, 35, 37, 46, 50, 51, 56, 57 e 59.
- b) Número 5 «Os espazos de aloxamento deberán ter unha altura libre adecuada. En canto aos espazos en que os mariñeiros deban permanecer de pé por períodos prolongados, sempre que sexa preciso, a Administración marítima adaptará a altura libre mínima».
- c) Número 6 «No que atinxe aos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, a altura libre mínima permitida en todos os aloxamentos en que se deba poder circular libremente non deberá ser inferior a 200 centímetros, sempre que sexa factible, e nunca inferior a 190 centímetros».
- d) Números 7 e 8 «Sempre que sexa razoable e factible:
 - i. Deberán evitarse as aberturas que comuniquen directamente os dormitorios coas cocíñas, despensas, tendais ou instalacións sanitarias comúns, salvo que se dispoña expresamente outra cousa.
 - ii. Non se admitirán aberturas que comuniquen directamente os dormitorios coas adegas de peixe e as salas de máquinas, salvo cando se trate de saídas de emerxencia».
- e) Número 9 «Os espazos de aloxamento deberán estar adecuadamente illados. Os materiais que se utilicen para construír os anteparos interiores, paneis, vagras, revestimentos de chan e xuntas deberán ser adecuados para tales fins e aptos para garantir un contorno saudable. Sempre que sexa factible, todos os espazos de aloxamento deberán estar provistos dun desaugadoiro suficiente».
- f) Número 18 «Nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, con excepción dos que operen con regularidade en zonas cuxas condicións climáticas temperadas fagan innecesaria esta disposición, sempre que sexa tecnicamente posible, deberase proporcionar aire acondicionado nos espazos de aloxamento, na ponte de mando, na sala de radio e en toda sala de control central de máquinas».

g) Número 34 «Cando os buques dispoñan de liteiras, estas deberán ser de dimensións apropiadas. Os colchóns deberán ser dun material apropiado. Deberá proporcionarse unha iluminación individual para cada liteira».

h) Número 36 «Os dormitorios deberán proxectarse e equiparse de maneira que se facilite a súa limpeza e se proporcione unha comodidade razoable aos ocupantes. Sempre que sexa factible, no seu equipamento deberán incluírse liteiras, armarios individuais de dimensións suficientes para conter a roupa e demais efectos persoais, e unha superficie adecuada para escribir».

i) Número 40 «Cando os buques dispoñan de comedores, estes deberán ser apropiados para o seu funcionamento. Na medida en que non se dispoña expresamente outra cousa, e cando sexa factible, os comedores deberán estar separados dos dormitorios».

j) Número 41 «Sempre que sexa factible, nos buques de eslora igual ou superior a 24 metros, os comedores deberán estar separados dos dormitorios».

k) Número 43 «Nos buques cunha eslora total de quince metros ou máis, os mariñeiros deberán ter acceso en todo momento a un refrixerador de volume adecuado e a posibilidade de preparar bebidas quentes ou frías, na medida en que sexa factible».

l) Número 44 «Sempre que sexa factible e segundo conveña á utilización do buque, deberán preverse instalacións sanitarias, con retretes, lavabos e bañeiras ou duchas, para todas as persoas a bordo. Estas instalacións deberán cumprir, polo menos, as normas mínimas de saúde e de hixiene e ofrecer un nivel de calidade razoable.»

m) Número 45 «As instalacións sanitarias deberán concibirse de maneira que, sempre que sexa factible, se elimine todo risco de contaminación dos demais espazos. As instalacións sanitarias deberán permitir unha privacidade razoable».

n) Número 53 «Ademais dos requisitos previstos no Real decreto 258/1999, do 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar, porase á disposición do mariñeiro que padeza unha enfermidade ou que estea lesionado unha cabina, na medida que sexa factible.»

o) Número 61 «Os buques de eslora igual ou superior a 24 metros deberán estar equipados con cocifas separadas, sempre que sexa factible».

p) Número 64 «Nos buques de eslora total de quince metros ou máis, utilizaranse unha despensa e un refrixerador e outros lugares para almacenar provisións a baixa temperatura, na medida en que sexa factible».